

MEMORIA DE ACTIVIDADES 2014

OFICINA DE COOPERACIÓN E VOLUNTARIADO
UNIVERSIDADE DA CORUÑA



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

OCV

Oficina de Cooperación e Voluntariado

Vicerreitoría de Relacións Internacionais e
Cooperación

A Coruña

Facultade de Socioloxía, 1º andar, 15071,
Campus de Elviña.

Tif. 981 167 000 (ext. 1752)

www.udc.gal/ocv

Director

José Jesús Cendán Verdes Extensión: 1334

jesus.cendan.verdes@udc.es

Persoal técnico A Coruña

Lorena Rilo Pérez Extensión: 1752

ocv@udc.es

Ferrol

Centro Cultural Universitario, 1º andar, 15403,
Campus Esteiro.

Persoal técnico Ferrol

Vanessa Míguez Martín Extensión 3677

ocvfer@udc.es

*Documento redactado por Lorena Rilo Pérez e
Vanessa Míguez Martín*

Maquetado por Christian Díaz Díez

1 páx. 04

2 páx. 05

3 páx. 19

4 páx. 32

Introdución	Cooperación ao Desenvolvemento	Voluntariado	Formación
		Menores	Outras actividades
	Proxectos de Coñecemento da Cooperación (PCC)	Exclusión Social	Participación en redes
	Proxectos de Coñecemento da Realidade (PCR)	Inmigración	Comunicación
	Proxectos de Sensibilización e Participación Social (EPD)	Socio-sanitario	
Actividades coas ONG de desenvolvemento	Maiores		
	Diversidade Funcional		
	Educación para o Desenvolvemento		
	Actividades con outras entidades de acción social		
	Colaboración con outras administracións		
	Colaboracións no seo da Universidade da Coruña		

1

Introducción

A Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV), é un servizo univesitario que canaliza as demandas de participación e solidariedade na busca do ben común local e global por parte da comunidade universitaria, alén da cidadanía, na área de influencia da UDC. Con este fin potencia, xestiona e coordina os activos e recursos solidarios da UDC, ofrecendo espazos de participación, experiencias de solidariedade e actividades de compromiso social que complementan a misión da UDC como entidade de educación superior, centrada na formación integral da persoa e na construción dunha cidadanía local e global activa e crítica, ao servizo dos valores e principios democráticos e do desenvolvemento humano sustentable.

En dependencia da Vicerreitoría de Relacións Internacionais e Cooperación, conta con dúas oficinas nos campus de Elviña (A Coruña) e Esteiro (Ferrol). É membro fundador da Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (RGCUD), xunto ás outras dúas universidades galegas.

En relación cos recursos humanos con que conta no ano 2014, existe unha técnica especialista funcionaria na oficina de Coruña, e outra interina na de Ferrol. Ademais, coa creación da RGCUD (Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento), contratouse a un técnico de coordinación da dita rede, que se incorporou no mes de outubro. Os recursos humanos da OCV, complementáronse coa chegada dunha bolsreira á oficina de Coruña.

2

Cooperación ao Desenvolvemento

Enténdese a Cooperación ao Desenvolvemento da Universidade como un conxunto de actividades realizadas pola comunidade universitaria orientadas á transformación social nos países máis pobres, en pro da paz, a igualdade, o desenvolvemento humano e a sustentabilidade ambiental no mundo, transformación na que o fortalecemento institucional e académico teñen un papel importante.

Código de Conduta das Universidades en Cooperación ao Desenvolvemento, 2005

A OCV incrementou e potenciou o seu traballo en materia de sensibilización, formación en cooperación e educación para o desenvolvemento, durante o 2014, así como o traballo específico co PDI para tratar de implementar e fortalecer docencia e práctica destinada á formación en solidariedade do seu alumnado. Entre outras, lanzouse unha nova *Convocatoria de Educación para o Desenvolvemento, Sensibilización e Participación Social*, e se puxo en marcha a RGCUD (Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento).

O *III Plan Director da Cooperación Galega (2014 - 2017)* sinala a necesidade de afondar na eficacia e na calidade da contribución da cidadanía galega ao desenvolvemento a través das súas políticas e dos seus axentes, entre os que se atopan as universidades. As transformacións a nivel global afectan á concepción clásica da cooperación ao desenvolvemento, e nesta nova dimensión, o papel das universidades eríxese como eixe fundamental no eido da investigación, a cooperación e a educación para o desenvolvemento. Coa creación da RGCUD, ademais, e coa experiencia previa da OCV en particular, favoreceuse o traballo en rede que pretende ser o pulo da comunidade universitaria para xenerar un maior impacto na transformación necesaria cara a un mundo xusto e equitativo.

Proxectos de Coñecemento da Cooperación (PCC)

No ano 2014 publicouse a III Convocatoria de Proxectos de Coñecemento da Cooperación (PCC) para PDI e PAS da UDC, con que se pretendeu fomentar o coñecemento dos proxectos de cooperación ao desenvolvemento por parte do persoal desta universidade. Esta convocatoria estivo dotada con 10.000 euros, sendo así posible a participación de 5 persoas. A continuación presentamos algúns detalles acerca das localizacións, as participantes e os proxectos:



[Fai click aquí para ver o mapa en Google Maps](#)

Senegal

José Manuel López Vilariño

Coordinador do Centro de Investigacións
Tecnolóxicas - CIT

ONGD Ecodesarrollo Gaia

Estudo sobre as posibilidades de comercio
xusto con prantas medicinais africanas con
compostos bioactivos para as *Ecovillage* do
programa Gen-África.

Nicaragua

Vanessa Míguez Martín

Técnica especialista da OCV en Ferrol

ONG Sólida

Avaliación dos resultados acadados polos
proxectos alí executados, para coñecer a súa
sostibilidade, cal é o nivel de apropiación das
iniciativas por parte das persoas que se
beneficiaron deles, e coñecer o contexto para a
identificación conxunta co ILLS e a IALAS e
outras asociacións potenciais perfís e/ou
proxectos de colaboración a desenvolver.

Colombia

Adriana Ávila Álvarez

Doutorada na facultade de Ciencias da Saúde

ONG El Mejor Amigo del Hombre

Desenvolvemento dun proxecto que favoreza a formación cidadá, as competencias comunitarias, e a resolución de conflitos a través dunha técnica que é a Educación Asistida por Animais. A dita técnica é realizada por un profesional da educación, en conxunto cun profesional en educación canina e un ou varios animais. Deste xeito, trátase de favorecer a nenos e nenas de 7 a 10 anos en exclusión social, con estas actividades satisfactorias, que promovan a colaboración, a cooperación, o diálogo, a emoción, e a comunicación preverbal e verbal.

Gabriel Torres Tobío

Profesor titular doutor do departamento de Educación Física e Devportiva

ONG El Mejor Amigo del Hombre

Asesoramento e/ou apoio sobre actividades deportivas e intervención de cans en terapia, para favorecer as competencias cidadás e fomentar a metodoloxía sobre a resolución de conflitos, intentando diminuír a manifestación de comportamentos agresivos, e mellorar as relacións sociais e grupais con nenos e nenas de 7 a 10 anos.

Mozambique

Plácido Lizancos Mora

Profesor titular do departamento de Representación e Teoría Arquitectónica

ONG Arquitectos sen Fronteiras

Implementación dun catastro inclusivo. O obxectivo deste catastro inclusivo é construír unha diagnose para o recoñecemento social, incluíndo o estado e características do parque habitacional, e aspectos referidos á accesibilidade a servizos e equipamentos urbanos como a auga potable, o alcantarillado, a asistencia sanitaria, a escolarización, etc.

Proxectos de Coñecemento da Realidade (PCR)

Os Proxectos de Coñecemento da Realidade (PCR) son unha iniciativa que ofrece ao alumnado da UDC que colabora con ONGD a posibilidade de se desprazar a un país en vías de desenvolvemento para realizar unha estadia de cooperación de un a tres meses. O traballo que se desenvolve pode ser validado por proxectos de fin de carreira, por prácticas de materias ou por traballos obrigatorios de fin de carreira.

Alén disto, participar nun PCR constitúese como unha importante ferramenta de sensibilización sobre a temática, tanto para o propio alumnado beneficiario como para a sociedade en xeral, xa que tras o regreso se realizan palestras para dar a coñecer o aprendido na experiencia.

No ano 2014 presentouse na UDC a *VIII Convocatoria de Proxectos de Coñecemento da Realidade* en programas de cooperación para o desenvolvemento, destinada a financiar os gastos do desprazamento ao país de destino e o seguro da viaxe, así como os de xestión e coordinación da dita actuación (protocolo, difusión etc.). Este ano seleccionáronse catorce proxectos, presentados a continuación xunto con algúns detalles acerca das localizacións e as participantes:



[Fai click aquí para ver o mapa en Google Maps](#)

Honduras

M^a Carmen
Becerra Rodríguez

Grao en Educación Social

ONG ACOES

Colaboración en centros educacores infantís (kinders): desnutrición, habilidades e integración.

Olalla Iglesias
Sánchez-Biezma

Grao en Educación Social

ONG ACOES

Documentación por escrito da influencia do proxecto *Populorum Progressio* para as mulleres beneficiarias.

Alba Santa
Escolástica Piñón

Grao en Educación Social

ONG ACOES

Proxecto de prevención social de nenos e nenas, xóvenes e grupos en situación de risco.

Alba Caneda
Otero

Grao en Educación Social

ONG ACOES

Colaboración en centros educacores infantís (kinders): capacitación xuvenil.

Ainhoa Ramallal
Franco

Grao en Educación Social

ONG Sólida

Fomento da expresión das emocións, autoestima e desenvolvemento da creatividade para rapaces en exclusión social.

Guatemala

Lucía García-
Cernuda Ruiz de
Alda

Grao en Arquitectura

ONG Arquitectura Sen Fronteiras

Colaboración na construción de 30 vivendas como proxecto de habitabilidade básica das familias en extrema pobreza. Mellora da calidade educativa, formación da infancia e xuventude.

Sabela Girón
Gesteira

Grao en Arquitectura

ONG Arquitectura Sen Fronteiras

Colaboración na construción de 30 vivendas como proxecto de habitabilidade básica das familias en extrema pobreza. Mellora da calidade educativa, formación da infancia e xuventude.

Nicaragua

Mirian Rial Alonso

Grao en Socioloxía

ONG Solidariedade Internacional de Galicia

Estudo no manexo forestal do bosque en Nueva Segovia.

El Salvador

Patricia Rodríguez
Varela

Grao en Terapia Ocupacional

ONG Asamblea de Cooperación pola Paz

Mellora das condicións da habitabilidade saudable e a xestión de augas no municipio de Jiquilisco.

Ecuador

Ana Castro Sanjurjo

Grao en Educación Social

ONG Fundación Axuda en Acción

Colaboración nos barrios marxinais cos nenos e nenas en situación de risco, orientado ao ámbito escolar e da educación.

Perú

Tamara Estraviz Cebal

Grao en Educación Infantil

ONG Amigos Ascaes

Educación acerca do coñecemento de outras perspectivas de xénero na zona beneficiaria.

Raúl Fraiz Gómez

Grao en Terapia Ocupacional

ONG Fundación Axuda en Acción

Mellora das condicións de vida dos sectores sociais desfavorecidos, en concreto á diminución da desnutrición infantil.

Senegal

Silvia Rodríguez Fernández

Doutoramento en Bioloxía Ambiental

ONGD Ecodesarrollo Gaia

Fomento do cultivo de prantas medicinais co fin de darlle unha alternativa de desenvolvemento ás Eco-community of Guede Chantier.

Mozambique

Edgar Medina Fernández

Grao en Arquitectura

ONG Alianza pola Solidariedade

**Planificación e desenvolvemento urbanístico do
municipio de Vila Mueda, eficaz e sostible
segundo o modelo de organización territorial.**

Experiencias

Entrevista a Raúl Fraiz Gómez, usuario do programa PCR da OCV



Que é para ti a cooperación ao desenvolvemento?

O término cooperación para o desenvolvemento creame moitisimas dudas. Por un lado considero que o traballo dos voluntarios e da maior parte das ONG é moi importante a hora de que persoas de zonas pobres do mundo teñan un mínimo de acceso aos recursos ben sexa facilitando a educación, a sanidade ou o acceso aos alimentos. Pero por outra parte considero que o papel dos países á hora de cooperar e practicamente e na maioría dos casos orientan a cooperación aos seus propios intereses, ocultando a cooperación na creación de infraestructuras que son creadas para o seu propio interés.

Por outra parte o término desenvolvemento dame moito medo, porque falamos de cooperación para o desenvolvemento pero non sabemos cal é a meta dese desenvolvemento, porque se o desenvolvemento consiste en eliminar culturas para que o negocio que teñen montado os mercados internacionais poda ter mais mano de obra...sinxelamente é un desenvolvemento que non desearía a ninguén. O importante para a cooperación ao desenvolvemento é que sexan as propias persoas as que decidan como queren encamiñar o sentido das súas vidas.

En qué proxecto participaches no 2014?

Inicialmente o proxecto era para traballar coas familias da zona facendo talleres de capacitación en hábitos de vida saudables, pero unha vez alí decidimos facer os talleres na escola.

Cómo te sentiches a primeira vez que chegaches ao país de destino?

Ao ser a primeira vez que saía de casa, sintes un pouco de medo pero á vez tes a ilusión da experiencia que che espera.

Cómo foi a acollida por parte da contraparte local?

Excelente, dende o primeiro día sentínme como un mais do equipo de traballo e a xente do lugar foi excepcionalmente amable.

Recomendarías a experiencia? Por qué?

Sen dúbida, al menos no meu caso houbera sido difícil poder saír de voluntario a Perú sen o apoio da beca e a experiencia e inesquecible. O coñecer xente doutra cultura, coñecer novos paisaxes e poder facer algo que che gusta, laboralmente, é tremendo.

Qué che aporta esta estada a nivel personal, profesional e vital?

A nivel persoal aprendín moitas cousas, entre elas a dar máis importancia se cabe aos pequenos momentos e detalles da vida. Ademais levaste da experiencia a xente que coñeces e que che apoia durante a estada.

A nivel profesional, en relación cos meus estudos aprendín a respetar os tempos das persoas. Traballar na comunidade implica que a xente está vivindo a súa vida, facendo as súas rutinas polo que non coincidir con eles ou ter que ir dous días para concertar unha charla é moi normal. Con isto descubres que non merece a pena frustrarte por levar algo planeado e que non saía, e que o importante no traballo na comunidade é cumprir os obxetivos a longo prazo. Ademais como detalle o estar vivindo nunha nova cultura durante un tempo levome a comezar a estudar antropoloxía social e cultural.

E por último a nivel vital simplemente dicir que foi unha experiencia conscientemente inesquecible e que sempre terei moi presente a inmensidade do mundo no que vivimos e as diferentes condicións de vida doutras persoas.

Cáles foron as túas motivacións para presentarte a esta convocatoria de 2014?

A principal motivación foi a posibilidade, posiblemente única, á hora de coñecer mundo é que mellor que traballando no que levo estudando catro anos.

Proxectos de Sensibilización e Participación Social (EPD)

A Convocatoria de *Educación para o Desenvolvemento, Sensibilización e Participación social*, nace en 2014 co obxectivo de apoiar aquelas actividades desenvolvidas pola comunidade universitaria cuxo fin sexa darlle pulo na universidade aos valores da solidariedade, sensibilizar á sociedade sobre as causas da pobreza e as desigualdades Norte-Sur, Norte-Norte, fomentar o desenvolvemento humano sostible e a xustiza social, así como favorecer iniciativas que promovan a participación social da comunidade universitaria na UDC.

Dentro desta convocatoria financiáronse catro actividades coma a realización de palestras, xornadas, conferencias, e a realización dun video.

Plácido Lizancos Mora, profesor titular da ETS de Arquitectura e Proxecto dHabitat, coordinou un encontro académico con expertos en educación para o desenvolvemento e adquiriu libros da súa bibliografía para a biblioteca sobre desenvolvemento na ETSA.

Ana López-Cortón Facal, profesora da Facultade de CC. da Educación, coordinou o *II Laboratorio de Recursos Sociais*, un proxecto levado a cabo polo alumnado e o profesorado e dirixido a toda a comunidade educativa da UDC. Este laboratorio enténdese como un encontro participativo que serve para traballar, coñecer e analizar experiencias de acción solidaria e emprendemento social, a través de mesas de traballo, que finalizaron cunha xornada aberta na que participaron membros de distintas entidades de participación social.

Yaiza M^a Montero Lamas, alumna da E.T.S. de Camiños, Canais e Portos, realizou un video documental sobre o Dereito Humano á Auga como material didáctico para levar a cabo actividades de Educación para o Desenvolvemento na UDC, a través da asignatura de Cooperación para o Desenvolvemento e as campañas de incidencia e sensibilización que desenvolve Enxeñería Sen Fronteiras anualmente.

Obdulia Taboadela Álvarez, profesora do Departamento de Socioloxía e CC.PP. e da Administración, coordinou tres obradoiros interactivos destinados a un público amplo

onde se contou con expertos nacionais e internacionais dedicados ao estudo, á investigación e ao activismo en dereitos humanos e de loita contra a xenofobia, o racismo e a exclusión. Estes obradoiros enmarcáronse dentro dun ciclo de conferencias internacional chamado: "Eppur si muove! nas marxes: debates sobre mobilidades humanas no capitalismo global".

Actividades coas ONG de desenvolvemento

Unha das prioridades da Área de Cooperación ao Desenvolvemento da OCV é a de colaborar coas distintas ONGD tanto da provincia da Coruña como de Galicia en xeral, así como con outros axentes da cooperación galega, na busca de sinerxías que permitan unha cooperación máis efectiva e de calidade. Esta colaboración atinxe a realización de actividades conxuntas; labores de sensibilización e de educación para o desenvolvemento a través da organización de xornadas, palestras, obradoiros, seminarios e exposicións; e a difusión das diferentes actividades que desenvolven estas organizacións a través das nosas redes e contactos.

Este interese da OCV polo traballo conxunto coas ONGD amplíase coas colaboracións con outras entidades e organismos de acción social, o que se verá reflectida na información que presentamos a continuación.

ONGD Viraventos

No 2014, a OCV colaborou coa ONGD Viraventos na organización do congreso *A xestión Positiva da Diversidade Relixiosa na Educación*, que tivo lugar no mes de outubro na Facultade de Socioloxía do campus de Elviña. Participou tamén activamente, moderando unha das mesas redondas.

Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento

No ano 2014, ademais de nas labores propias de difusión e intercambio de información habituais coa Coordinadora, o voluntariado da OCV colaborou na Campaña *Maniféstome!*, coa que a través dun *photo call* na Facultade de Económicas e Empresariais do campus de Coruña, pretendían denunciar as causas da pobreza, coincidindo coa conmemoración do Día Internacional para a Erradicación da Pobreza o 17 de outubro.

Solidariedade Internacional Galicia

Colaboración activa na organización e difusión das *Xornadas de Educación para o Desenvolvemento e Cidadanía Global*, celebradas en dúas datas dos meses de outubro e novembro na Facultade de CC da Educación, nas que tamén se participou nunha das mesas redondas.

E en gran parte das actividades formativas organizadas durante o ano 2014 (cursos e xornadas), aproveitáronse os descansos para facer degustacións didácticas dos produtos de comercio xusto comercializados pola dita ONGD.

ONGD Arquitectura Sen Fronteiras

Durante o 2014 colaborouse no Proxecto de difusión do dereito ao hábitat a través da sensibilización e a educación formal na comunidade educativa 2013-2014, cunha serie de charlas e actividades de sensibilización á volta desta temática. Tamén se colaborou co grupo de traballo local desta ONG para a alfabetización de adultos do asentamento da Pasaxe.

3

Voluntariado

Acción voluntaria realizada por persoas físicas como resultado da súa participación social organizada no desenvolvemento de actividades de interese xeral a través de entidades de acción voluntaria sempre que se trate dunha decisión libremente adoptada e non traía causa dunha obriga ou dun deber xurídico, que se execute fóra do ámbito laboral, profesional, funcionarial, ou mercantil ou de calquera outro tipo de relación retribuída, que a acción voluntaria se leve a cabo sen contraprestación económica, sen prexuízo do dereito ao reembolso dos gastos que esta acción poida ocasionar ou dos recoñecementos que correspondan, que se leve a efecto en función de programas concretos, que sexan promovidos por calquera das entidades de acción voluntaria ou polas administracións públicas de Galicia.

Lei 10/2011, de 28 de novembro, de acción voluntaria de Galicia

Os diferentes programas de voluntariado postos en marcha, ben sexan puntuais ou continuos no tempo, comezan sempre cun proceso de estudo que se pon en marcha cando calquera ONG, asociación ou administración pública establece contacto coa OCV. Posteriormente, analízase a pertinencia e sostibilidade do proxecto, e en función destas variables e do número de persoas voluntarias dispoñibles ou interesadas, decídese a súa posta en marcha.

Segundo o *artigo 5.2 da Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria de Galicia*, considéranse incluídas dentro do ámbito da acción voluntaria as actividades de interese xeral vinculadas coa acción social e os servizos sociais, as de natureza sociosanitaria, da infancia, das persoas con discapacidade, educativas, de cooperación ao desenvolvemento e de loita contra a pobreza e a exclusión social, entre outras.

A nosas propostas de actuación voluntaria abarcan moitos deses ámbitos, e son as que aparecen a continuación:

Menores Centro de Acollida de Menores de Bañobre

O obxectivo deste proxecto de voluntariado foi buscar o tratamento individual e igualitario de cada un dos 32 menores que viven no centro de acollida a través de actividades lúdicas. Neste ano 2014, realizáronse todas as actividades de ocio programadas e un 40% máis de actividades que non estaban programadas. A asistencia do voluntariado ao proxecto foi do 95%, o que estivo motivado en moitas ocasións pola falta de medio de transporte para desprazarse até o centro. Durante este ano, un 20% dos menores integrouse en actividades con grupos xa formados.

Programa de voluntariado *“E agora qué?”*

Este proxecto xorde en 2012 para dar resposta a unha necesidade detectada polos voluntarios e as voluntarias participantes no programa anterior: a integración sociolaboral das persoas que viven no Centro de Acollida de Menores de Bañobre, que unha vez chegan á adolescencia teñen que comezar a desenvolver unhas expectativas de emancipación persoal. As persoas voluntarias levan a cabo un programa de seguimento e de orientación que busca ser unha “fase ponte” de cara á saída do centro dos e as adolescentes, onde os plans de acceso á vivenda, a orientación laboral, a continuidade da formación académica etc. tratan de ser as ferramentas esenciais de empoderamento que precisan nese proceso de emancipación. En 2014 fixose o acompañamento de nove menores.

Barrios do Portiño e As Rañas

As actividades que desenvolve o voluntariado da OCV nestes dous proxectos están orientadas ao apoio na realización das tarefas escolares de nenos e nenas de entre 5 e 16 anos, así como á iniciación dos máis pequenos nunha dinámica escolar e ao ocio educativo.

No Portiño leváronse a cabo actividades de educación en valores durante a semana e de ocio educativo as fins de semana. Son 25 os rapaces e rapazas de entre 8 e 13 anos que asistiron con asiduidade ás actividades da OCV. Nas Rañas o obxectivo foi promover a existencia dun espazo educativo que posibilite a construción de connotacións positivas ao redor do contexto escolar e das tarefas escolares, e que dea continuidade ao proceso

Apoio escolar a menores en Ferrol

Aulas de informática en Ferrol

Exclusión social Acompañamento e información a persoas sen fogar

educativo.

Unha media de 24 rapaces e rapazas asistiu ás actividades desenvolvidas polas persoas voluntarias da OCV. Un dos obxectivos marcados para este ano foi a continuidade na asistencia dos menores á actividade de apoio escolar, que aumenta nos máis pequenos.

Tamén se apostou por unha maior coordinación co centro educativo dos maiores e por iniciar o apoio dos rapaces de instituto, o cal se conseguiu cos varóns.

Neste caso, trátase de darlles o apoio escolar preciso a menores inmigrantes e pertencentes a minorías étnicas, para que poidan levar un ritmo de desempeño acorde ao resto de menores na escola. Un par de horas á mañá dos sábados (de 11.30 - 13.30 h), o grupo de voluntariado ofreceu case de xeito individual asesoramento e acompañamento nas diferentes materias de estudo aos menores que, pola súa especial situación de vulnerabilidade, poden ter maiores problemas para seguir a bo ritmo o desenvolvemento do curso escolar (idioma, situación familiar etc.).

Este programa xorde da demanda de aulas de apoio dende as institucións de Ferrol que titorizan a menores chegados doutros países sen acompañamento. As aulas desenvólvense un día á semana pola tarde no edificio de apoio ao estudo do campus de Esteiro, onde a Oficina de Cooperación e Voluntariado dispón dunha aula propia dotada con 12 equipos informáticos.

Este programa, cuxo fin é romper a incomunicación, o illamento e a soidade das persoas sen fogar, ao crear un vínculo afectivo a través do contacto permanente con elas, leva en funcionamento na cidade da Coruña desde o ano 1998.

En 2014 realizouse unha ruta durante un día á semana con repartición gratuíta de café para as persoas que o precisasen. Así mesmo, elaborouse un kit de información en varios idiomas e unha guía interactiva de recursos da

Colaboración coa Fundación Fogar Santa Lucía para mulleres sen teito

cidade, accesible a través da web da UDC.

O voluntariado da OCV colabora na actividade da *Aula de Cultura* desta fundación coas mulleres de menor nivel educativo. Como complemento, organízanse saídas culturais en que participan todas as mulleres que viven no centro. Neste ano tivo lugar unha media de tres saídas por trimestre, e participaron unha media de oito mulleres.

Colaboración co Fogar dos Enfermos pobres Sor Eusebia

No Fogar de Sor Eusebia conviven homes sen teito con algún tipo de problema que lles impide valerse por si mesmos fóra. O obxectivo da colaboración da OCV é dinamizar a vida dos usuarios e ofrecerlles alternativas de ocio. A meirande parte das actividades realizouse no propio centro, aínda que ao longo do ano 2013 tamén se levaron a cabo saídas culturais e de ocio cos usuarios.

Centro Penitenciario de Teixeiro

A OCV desenvolve distintas accións no Centro Penitenciario de Teixeira desde hai máis dunha década. A través da *Aula de Cultura* para o fomento e a difusión da solidariedade, da ciencia e da cultura, así como da realización de distintos obradoiros e outras actividades formativas, promóvese a interacción entre persoas reclusas e voluntarias. Durante 2014 simultaneouse a proxección de películas e documentais para o seu posterior debate; a realización de obradoiros variados un de creación literaria; actuacións musicais, etc.

Proxecto de alfabetización de persoas adultas

Con Arquitectos Sen Fronteiras, a OCV traballou na creación dun novo proxecto de voluntariado de alfabetización das persoas adultas que viven no asentamento da Pasaxe. En colaboración co grupo de traballo local desta entidade tamén se reforzou o proxecto que xa estaba en marcha no poboado das Rañas.

Convenio de colaboración coa Cocina Económica

A Cocina Económica é unha entidade establecida na nosa cidade dende o ano 1886.

Actualmente ten tres servizos en funcionamento: un de almozos e comidas, outro de lavandería e outro de ducha. O voluntariado da OCV colaborara na recollida e entrega da roupa no servizo de lavandería, na entrega e recollida dos materiais de aseo no servizo de duchas e ofrece, a todo aquel que o requira, un rato de compañía e conversación.

Inmigración Aula de informática participativa e intercultural

En 2014 o programa dedicado á alfabetización informática de mulleres en situación de exclusión social redefiniuse para ampliar os seus obxectivos, con vistas a resultar unha acción máis inclusiva e participativa, e dar cabida tamén a homes.

O programa pretende, por unha banda, minimizar a chamada “fenda dixital”, polo que os martes á tarde se ofertaron clases de alfabetización para aquelas persoas que non dispuxesen de coñecementos básicos en informática; e pola outra, afianzar e mellorar o achegamento ás TIC das persoas participantes con maior nivel, polo que os xoves polas tardes nas clases de nivel avanzado se facilitaron os coñecementos e as ferramentas precisas para poder facer unha busca activa de emprego, incluída a creación de páxinas web, blogs etc.

Socio-sanitario Hospital Materno-Infantil Teresa Herrera

Este proxecto iniciouse en maio de 2009, na Área de Lactantes do Hospital. En 2014 houbo 18 persoas voluntarias que asistiron asiduamente ao proxecto e á súa formación específica. As actividades que se levaron a cabo foron moi variadas, debido a que as idades dos menores oscilan entre os 0 e os 3 anos: monicreques, globoflexia, contacontos...

Durante este ano mellorouse moito na organización do grupo e na relación directa co persoal de enfermaría.

Acompañamento de enfermas no Hospital Oncolóxico Rexional de Galicia

Este proxecto xorde como unha colaboración coa Asociación Española Contra o Cancro, que leva a cabo actividades en hospitais. O obxectivo primordial é mellorar, dentro dos medios de que se dispón, a calidade de vida das persoas afectadas pola dita enfermidade. O voluntariado da OCV realiza diferentes actividades de lecer coas persoas enfermas e cos familiares no hospital: traballos manuais, cestería...

Saúde mental e acompañamento hospitalario

En decembro asinouse un novo acordo de colaboración entre a UDC e o Servizo de Traballo Social da Xerencia de Atención Integrada da Coruña, que serviu de marco para a implantación de dous novos proxectos: o proxecto de acompañamento hospitalario a persoas do Servizo de Saúde Mental usuarias do Centro de Día do Hospital Marítimo de Oza; e o proxecto de acompañamento hospitalario a persoas da Área de Rehabilitación do mesmo hospital.

Oficina de transplantes de Galicia

No 2014 o voluntariado da OCV participou nas campañas da Oficina de Coordinación de Transplantes (OCT) de Galicia para concienciar á xuventude universitaria sobre a importancia da doazón de órganos, organizando un stand de información e captación de novas doadoras, no mes de marzo nos campus de Coruña e Ferrol.

Asociación de Bulimia e Anorexia da Coruña (ABAC)

Este ano asinouse un convenio de colaboración coa Asociación de Bulimia e Anorexia da Coruña para que o voluntariado participe no acompañamento de adolescentes que sofren este tipo de trastornos na alimentación, e para participar nas campañas de sensibilización que esta asociación realiza nos institutos da cidade.

Maiores

Acompañamento nas Residencias de Maiores de Ferrol

O voluntariado da OCV desenvolve distintas actividades nunha residencia de maiores: dunha parte, unha actuación de acompañamento nas actividades lúdicas; e, da outra, actividades máis especializadas de estimulación cognitiva e manexo das TIC. No 2014 iniciáronse os contactos para unha nova colaboración para desenvolver un novo programa de voluntariado enfocado á animación dos maiores dunha residencia pública dun dos barrios máis populosos da cidade.

Diversidade funcional

COGAMI

No 2014 leváronse a cabo distintas actuacións de colaboración coa Confederación Galega de Minusválidos. En Ferrol, un voluntario impartiu unha formación no ámbito de informática para un grupo de usuarias da dita entidade. Na Coruña acompañouse a unha persoa con discapacidade intelectual nas horas que dedicaba ao estudo para conseguir o graduado da ESO.

Centro de Atención a Persoas con Discapacidade Física (CAMF)

O labor do voluntariado consiste en acompañar ás persoas residentes cando saen ao exterior para faceren calquera tipo de xestión persoal, ou mesmo para gozaren de tempo de lecer. O voluntariado da OCV acode en distintos horarios durante toda a semana, na procura de abranger o maior número de demandas de acompañamento que se poida producir. Tamén asiste en materia de alfabetización dixital e manexo de ordenadores, teléfonos intelixentes etc. ás persoas que así o solicitan.

Educación para o desenvolvemento


Proxecto de sensibilización da comunidade universitaria

O voluntariado que participa neste proxecto diseña materiais de sensibilización, dinámicas e xogos de carácter lúdico para intentar chamar a atención dos seus compañeiros e compañeiras dos campus sobre a importancia de exercer unha cidadanía activa e actuar en defensa dos Dereitos Humanos e a xustiza social.

No 2014 o voluntariado organizou distintas actividades con motivo dunha nova campaña de comunicación da OCV, *Universos Paralelos* en Coruña e Ferrol. Ademais, xestionan o seu propio blogue *Mesxmes*, ademais dun perfil en Facebook en que manteñen activo o seu labor virtual durante todo o ano, como complemento das accións físicas e concretas que levan a cabo en centros e facultades de todos os campus da Coruña e Ferrol. A finais de ano, comenzaron a realizar actividades complementarias ao *I Ciclo de Cine e Dereitos Humanos*, con dinámicas, performances, exposicións, xogos etc.

Experiencias

Entrevista a Patricia Castro González, voluntaria na OCV



Que é para ti o voluntariado?

O voluntariado para min é unha maneira de poder aprender moitos valores importantes da vida, como son a cooperación, a relación entre as persoas, os dereitos humanos a través da axuda desinteresada. Tamén unha maneira de coñecer xente cas túas mesmas inquietudes.

En que proxecto estás a participar?

Este ano estou a participar en dous proxectos: Apoio escolar a menores, no que repito por segunda vez e tamén no proxecto de sensibilización e educación para o desenvolvemento que é o meu primeiro ano.

Canto tempo levas colaborando en proxectos da OCV?

Fai dous anos que colaboro. Comecei no 2014 e este ano repito.

Como te sentiches o primeiro día que fuches ao proxecto?

O meu primeiro día na OCV foi como voluntaria de apoio escolar. Estaba moi nerviosa porque era a primeira vez na miña vida que facía voluntariado. Eu non teño irmáns pequenos e nunca antes tivera que axudar a un neno pequeno nos seus deberes.

Cando cheguei alí atopeime cos demais voluntarios que tamén levaban pouco tempo e tiñan os mesmos nervios ca min. Axudáronme moito a adaptarme e a dicirme que é o que tiña que facer.

Os seguintes días xa fun collendo mais confianza cos rapaces e xa perdín os nervios.

Que che aporta o voluntariado a nivel personal, profesional e vital?

Persoalmente podo dicir que me axudou moito, xa que eu son unha persoa bastante tímida e ter que axudar os nenos ou ter que traballar en grupo dando ideas te axuda moito a mellorar a túa comunicación, que é tamén importantísimo a nivel profesional.

Outra cousa moi importante que me aporta é coñecer a un montón de xente nova, e esas dúas horas á

semana de voluntariado fanme desconectar da rutina diaria e esquecer os problemas.

Cales foron as túas motivacións para iniciar a túa labor voluntaria?

A min sempre me chamou a atención o mundo da cooperación e o voluntariado e o descubrir a OCV vin nela unha boa oportunidade para iniciarme neste mundo.

Por qué na OCV?

Porque eu estudo Deseño Industrial no campus de Esteiro e como a OCV pertence a Universidade e a oficina está no campus, pareceume un bo sitio que ademais estaba cerca. Logo, o meu irmán falárame duns compañeiros da súa facultade de Socioloxía que facían voluntariado na OCV e que estaban moi contentos, así que indaguei un pouco sobre o asunto e gustoume o que atopei.

Actividades con outras entidades de acción social

Asociación Ciudadá de Loita contra a Droga

En 2014 colaboramos coa dita entidade na organización e na difusión do Curso de Persoas Mediadoras para a Saúde, cunha duración de 16 horas lectivas, que se levou a cabo nas cidades da Coruña e Ferrol.

Asociación Española contra o Cancro

A OCV, dentro da colaboración anual que leva a cabo coa Xunta Provincial da Coruña da Asociación Española contra o Cancro, participou na campaña anual do Día Mundial sen Tabaco introducindo esta campaña nos campus universitarios.

Banco de Alimentos Rías Altas

Coa colaboración da Oficina de Medio Ambiente (OMA) da UDC e do Banco de Alimentos Rías Altas, organizouse unha campaña solidaria de recollida de alimentos tanto na Coruña como en Ferrol, onde conseguiron recadarse 1.134,21 kg de comida.

Fundación SEUR

Seguimos a colaborar coa dita Fundación coa campaña solidaria de recollida tapóns para distintas causas. Os recipientes situados en distintos edificios dos campus de Coruña e Ferrol, siguen enchéndose de tapóns de plástico, convertíndose pouco a pouco nun acto cotiá.

Asociación ecoloxista ADEGA

A OCV participou durante o 2014 nos *Proxecto Ríos e Charcas con Vida*, iniciativas de carácter puntual para levar a cabo distintas actividades relacionadas co medio ambiente, que promoven o coñecemento e conservación do noso rico patrimonio fluvial.

No 2014, leváronse a cabo dúas saídas co voluntariado de Ferrol en ámbolos dous programas.

Asociación RUMIÑAHUI Ferrol

A OCV colaborou coa dita asociación de inmigrantes con sede en Ferrol, na *Xornada Migracións, Muller e Violencia*, que se celebrou na dita cidade no mes de novembro. Ademais de facilitar distintos contactos e facer difusión do dito evento, tivo participación directa a través do voluntariado, que participou moderando unha das mesas redondas da xornada.

Institucións penitenciarias

En 2014 a OCV segue a participar activamente no Consello Social do Centro Penal de Teixeira xunto con outras entidades que tamén traballan neste centro, co fin de serviren de interlocutoras entre a institución e o resto de entidades que prestan algún tipo de servizo ou colaboran con diferentes actividades.

Concello da Coruña

Neste ano 2014, a OCV colaborou estreitamente coa Área de Servizos Sociais do Concello da Coruña na organización anual das *Xornadas para as Persoas sen Teito* e para a coordinación do proxecto de voluntariado que a OCV ten nesta temática. Iniciáronse tamén os trámites para a posta en marcha dun proxecto de vivenda compartida entre o estudantado da UDC e persoas maiores.

Colaboracións no seo da Universidade da Coruña

Dentro da UDC, a OCV traballa para cooperar e coordinarse co resto de unidades e servizos con que existen liñas de traballo comúns. Así, colabórase estreitamente co Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE) no tema do voluntariado con persoas con discapacidade, e xunto a este servizo e á Oficina de Igualdade de Xénero (OIX), organizouse no campus de Ferrol a *Xornada sobre Responsabilidade Social e Diversidades na UDC* a principios do mes de outubro. Tamén colaboramos no *Espazo Compartido*, programa universitario de formación en habilidades personais, sociais e competencias básicas orientado á mellora da empregabilidade e ao fomento da inclusión laboral de xóvenes con algún tipo de discapacidade cognitiva, grazas ao cal dúas rapazas realizaron unha semana de prácticas nas oficinas de Coruña e Ferrol.

Tamén se colabora co Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudante (SAPE) para o intercambio de información e a súa posterior difusión nas súas redes, tanto no campus coruñés como no ferrolán.

En Ferrol tamén se colabora con outros servizos da UDC, como poden ser a Área de Cultura, coa que a finais do 2014, púxose en marcha o I Ciclo de Cine e Dereitos Humanos, coa intención de dinamizar o campus ferrolán, e que rematará a mediados do 2015.

Anualmente, a OCV colabora coa ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos na realización do ciclo de conferencias *Introdución á Cooperación para o Desenvolvemento*, en que se dá unha visión clara do que é a cooperación nos países do sur, se definen os conceptos chave da cooperación e se favorece a sensibilización da poboación universitaria, así como do resto do público en xeral.

4

Formación

Proceso e efecto de formar ou formarse. En pedagogía e dun modo moi amplo, a formación fai referencia ao proceso educativo ou de ensinanza-aprendizaxe.

Diccionario da RAE

Dende a OCV somos moi conscientes da importancia da formación para todas aquelas persoas que colaboran nalgunha das nosas propostas, pois para participar, hai que saber cómo facelo.

A formación é unha das principais liñas estratéxicas de traballo da OCV. Preténdese que as accións que realiza o noso voluntariado sexan de calidade, polo que cando unha persoa decide implicarse nalgún programa de voluntariado debe realizar un curso básico encamiñado a que coñeza os seus dereitos, os seus deberes e os aspectos xerais relacionados coa labor que levará a cabo.

Ademais desta formación inicial básica, promóvese a formación continua nos aspectos específicos que se vinculan a cada programa, por exemplo, as habilidades sociais, a animación hospitalaria, nocións de interculturalidade, xénero etc. Trabállase tamén na organización de liñas formativas e de sensibilización abertas ao resto da comunidade universitaria, que se orientan á cooperación para o desenvolvemento. Así, no ano 2014 organizáronse o *Curso de Educación e Comunicación para o Desenvolvemento* e as *V Xornadas para as Persoas Sen Teito*, *Voluntariado en rúa*, en Coruña e as xa mencionadas *Xornadas sobre Responsabilidade Social e Diversidades na UDC* en Ferrol.

A salientar, a formación específica enfocada ao PDI, ofertada trala creación da RGCUD, que ofreceu tres cursos de formación no último trimestre do ano: *Curso de Aprendizaxe-Servizo*; *Diversificación de Fondos em Cooperación ao Desenvolvemento*. *Subvencións EuropeAid e Formulación de proxectos de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento*, celebrados todos eles no campus de Coruña.

Doutra banda, o propio persoal desta oficina asiste a diferentes cursos e xornadas de formación para poder mellorar a calidade do

servizo de voluntariado e de cooperación ao desenvolvemento que se ofrece.

Como é habitual, recollemos os datos de todos os cursos de formación organizados durante o ano 2014 nos campus da Coruña e Ferrol, cón propósito de ofrecer unha breve infografía (que se presentará a continuación). A mosamos así o número de asistentes a ditos cursos:

427

Asistentes a cursos de formación no ano 2014



15

Proxectos de Coñecemento da Realidade.
Voluntariado en Cooperación.

12

Xornada Responsabilidade Social e
Diversidades na UDC.

13

A Práctica das Habilidade Sociais na Labor
Voluntaria.

10

Curso de Animación Creativa para o
Voluntariado con Persoas Adultas.

40

Curso de Aprendizaxe-Servizo.

21

Resolución de Conflitos con Menores.

91

Curso Básico de Voluntariado.

13

Diversificación de fondos na Cooperación ao
Desenvolvemento.
Subencións EuropeAid.

18

Curso de Persoas Mediadoras da Saúde e
Prevención en Drogodependencias.

16

Formulación de Proxectos de Cooperación
Universitaria ao Desenvolvemento.

23

Introducción á Educación ao Desenvolvemento.

22

Curso de Educación e Comunicación para o
Desenvolvemento.

14

Curso de Animación Hospitalaria.

14

Didáctica e Práctica na Labor Voluntaria.

21

Curso de Primeiros Auxilios Aplicados á Labor Voluntaria con Menores.

21

Curso de Globoflexia e Maquillaxe Infantil aplicados ao Voluntariado en Animación.

32

III Xornadas sobre as Persoas Sen Teito. Voluntariado na rúa.

34

A Práctica da Intelixencia Emocional na Labor Voluntaria.

Outras actividades

Exposicións

Para favorecer a nosa labor de sensibilización da comunidade universitaria sobre os ámbitos de traballo da OCV, puntualmente levamos a cabo exposicións ben de carácter propio, ben en colaboración con outras entidades. A continuación pasamos a relatar brevemente as exposicións levadas a cabo durante o ano 2014.

Exposicións

Dereitos Humanos

Esta exposición, cedida por Amnistía Internacional, estivo exposta durante todo o mes de decembro no Centro Cultural Universitario do campus de Esteiro (Ferrol), e fíxose coincidir coa posta en marcha do I Ciclo de Cine e DDHH que se iniciou no dito campus en colaboración co Área de Cultura da UDC.

Mapa de servizos

A OCV completou os seus Mapas de servizos coa elaboración do mapa da comarca de Ferrolterra, como ferramenta para favorecer o traballo en rede, e para aumentar a información dispoñible para o voluntariado, tanto aquel que participa activamente nalgún dos nosos proxectos, como para aqueles que deciden converterse en doadores de roupa, alimentos ou libros.

Participación en redes

A OCV creou no ano 2014 a RGCUD, Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento, formada polas Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, grazas ao financiamento da Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Relacións Externas e coa Unión Europea, e ten como meta promover o traballo en rede entre as Universidades galegas nos ámbitos da Cooperación Universitaria a Desenvolvemento (CUD), e a Educación para o desenvolvemento (EpD).

Ademais, a finais de ano a OCV entrou a formar parte de REEDES (Rede Española de Estudos de Desenvolvemento). Esta é unha rede académica, interdisciplinar, especializadas na investigación e a docencia en temas de desenvolvemento e cooperación internacional.

Por outra banda, a OCV participa nos encontros universitarios da CICUE (Comisión Sectorial de Internacionalización e Cooperación das Universidades Españolas) da CRUE (Conferencia de Reitores das Universidades Españolas), que se reúne dúas veces ao ano en diferentes puntos da xeografía española. No 2014, participou na reunión celebrada en Granada.

Comunicación

A comunicación, tanto interna como externa, é unha cuestión básica en calquera organización, xa que fai posible unha mellor integración das persoas que a conforman. No caso da OCV, a comunicación coas persoas voluntarias faise tanto desde un plano informal como a través de canles máis formalizadas. Isto tamén acontece co resto de grupos de interese, no tocante á comunicación exterior, e entre o seu persoal técnico e as persoas responsables da entidade.

En calquera caso, búscase garantir que a comunicación interna e externa sexa constante e fluída, e para conseguir isto, empregamos distintos mecanismos.

Comunicación

Páxina web propia

Na actualidade supón a principal vía de difusión externa das nosas iniciativas. Nela informamos sobre todas as actividades e poñemos á disposición das persoas usuarias documentos de interese ou ligazóns ás páxinas web doutras institucións ou organizacións. Tamén a través dela pode facerse a preinscrición nas distintas accións formativas programadas ao longo do curso académico.

Outra das vías de comunicación externa empregada pola OCV, que se utiliza puntualmente cando a necesidade de proxección exterior da nova así o require, é a páxina web principal da UDC:

www.udc.gal

Intranet

Dentro da UDC, contamos tamén con outros medios propios de difusión, como é o caso das bases de datos de voluntariado e ONG de desenvolvemento que manexamos e doutros grupos de correo con persoas interesadas en recibiren información sobre cursos e conferencias centrados en temáticas relacionadas coa cooperación para o desenvolvemento e co voluntariado social. Por tanto, o envío de información a través do correo electrónico é unha das nosas principais vías de comunicación.

Redes sociais

Desde o ano 2011 dispoñemos dun perfil en Facebook a que se pode acceder buscando «Ocv Udc», e que na actualidade ten preto de 1.000 persoas seguidoras.

Boletín informativo

O boletín vai dirixido ao noso voluntariado en activo e a aquelas persoas que nalgún momento formaron parte da organización e que están interesadas en seguir recibindo información puntual, tanto sobre as propias actividades da OCV como doutras organizacións e entidades que comparten os nosos eidos de traballo. O boletín envíase con carácter quincenal todos os venres, e presenta un formato apto para a súa visualización en teléfonos intelixentes.

Taboleiro de anuncios

A OCV dispón de taboleiros de anuncios en dous espazos físicos nas oficinas da Coruña e Ferrol, en que a promoción das súas actividades se realiza por medio de trípticos e carteis, os cales tamén son repartidos no resto de facultades e edificios dos respectivos campus.

Reunións periódicas

O persoal técnico da entidade reúnese puntualmente coas persoas coordinadoras dos distintos programas de voluntariado en funcionamento para coñecer o desenvolvemento destes, e poder facer os axustes pertinentes no caso de seren necesarios. Así mesmo, a dirección da OCV reúnese co seu persoal técnico con asiduidade para avaliar a actividade e programar novas accións de iniciativa propia ou en colaboración con outras entidades, asociacións, administracións etc. Os encontros con representantes desas outras organizacións prodúcense tamén cando é preciso.

Encontros informais

Unha vez ao ano, normalmente a finais de novembro ou principios de decembro, ten lugar a *Festa Solidaria da OCV* nun club da Coruña. A data aproveítase para facer unha cea co voluntariado da Coruña e Ferrol, e serve para favorecer as relacións entre as persoas da organización e mellorar a comunicación directa entre elas.

Medios de comunicación

Puntualmente, a OCV aparece en distintos medios de comunicación, sobre todo televisións locais e radios, ben a través das reportaxes que os ditos medios elaboran, ben concedendo entrevistas sobre as actividades desenvolvidas, ou roldas de prensa. Durante o ano 2014 as aparicións en *La Opinión de A Coruña*, o *Diario de Ferrol* e, en menor medida, *La Voz de Galicia* foron constantes. Tamén tivemos o noso espazo en *Radio Flispim* de Ferrol, conmemorando o Día Mundial da Radio, temática que estaba a traballar o voluntariado de Educación para o Desenvolvemento.

Por outra banda, participouse en diferentes encontros e congresos de cooperación universitaria para o desenvolvemento, tales como o *IV Congreso de Educación para o*

Desenvolvemento (Vitoria) ou o Plenario do CICUE que tivo lugar en Granada no mes de novembro.

Ademais, no mes de febreiro rodouse un *Flashmob Multicultural* na Facultade de Informática, que foi difundido nas pantallas dos distintos centros e facultades, así como nos buses urbanos de Coruña, para tratar de chegar a un maior número de persoas. En outubro púxose en marcha a Campaña *Universos Paralelos*, co mesmo fin. Tamén se participou cun stan da *V Feira de Sostenibilidade* no mes de decembro, e o voluntariado do programa cos menores de Bañobre, presentou a súa candidatura aos *II Premios ao Voluntariado Universitario da Fundación Mutua Madrileña*, quedando finalistas, o que tamén serviu de canle de difusión da labor do voluntariado da OCV alén do contorno mais próximo.

Tipografías empregadas

Georgia, tamaño 11
Trebuchet MS, tamaños 28 e 72

Cores principais empregados

Vermello: RGB 255, 107, 107 | HEX #FF6B6B
Azul/Turquesa: RGB 78, 205, 196 | HEX #4ECDC4
Gris: RGB 128, 128, 128 | HEX #808080

Recursos web externos empregados

www.mapbox.com

Documento optimizado para a súa edición en Microsoft Word 2010